

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Castro de Arroxo de Sober

Neste castro de Arroxo, en Sober (Lugo), vivían os mouros que tomaban o sol nunha pedra que hai alí. Nunha ocasión foron á casa dos Lemos de Vilela e pediron prestado un ferrado. Os de Lemos antes de prestarllelo untárono con graxa de porco para saber que gra ou que outra cousa ían medir co ferrado. Parece que cando os mouros devolveron o medidor traía apegadas á graxa moedas de ouro.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Grupo O TRÍCOLE, Documento inédito sobre as lendas de Sober.